


A CALIDADE DO AIRE EN GALICIA

BALANZO 2008



Informe de
VERDEGAIA e ECOLOGISTAS EN ACCIÓN

Resumo executivo

Respirar aire limpo e sen riscos para a saúde é un dereito inalienable de todo ser humano. Está sobradamente demostrado que a contaminación atmosférica causa danos á saúde das persoas e ao medio. Trátase dun problema cunha importante vertente local, mais tamén de magnitude planetaria, xa que os contaminantes poden viaxar longas distancias. A orixe deste problema áchase principalmente nas emisións orixinadas polas industrias e o tráfico.

O presente informe pretende debuxar unha imaxe da situación da calidade do aire en Galicia durante o ano 2008. Baséase nos datos oficiais facilitados pola Xunta. Dá continuidade aos que presentamos para os anos 2006 e 2007.

A Xunta de Galicia nunca cumpriu as disposicións sobre información ao público contidas na normativa de calidade do aire, negándolle á cidadanía o dereito a unha información suficiente, clara e rápida. Isto motivou que presentásemos en 2008 unha queixa perante o Valedor do Pobo, que foi admitida a trámite. Aínda que a queixa, e as nosas denuncias públicas, se traduciron nalgunhas melloras, a Xunta segue sen cumprir adecuadamente a lexislación.

Alén de garantir á cidadanía un acceso adecuado á información dispoñible sobre a calidade do aire que respira, faise necesario dispor de máis e mellor información a través da ampliación e mellora das redes que miden a calidade do aire en cidades e contornos industriais.

A contaminación atmosférica en Galicia está lonxe de ser un problema desprezable. Mesmo coa limitada información dispoñible, pódese afirmar que os habitantes das cidades galegas e do contorno dalgunhas industrias están expostos a niveis de contaminación atmosférica nocivos para a saúde.

Aínda que, segundo os datos da Xunta, en 2008 só se registrou unha superación dun valor límite legal -para partículas inferiores a 10 micras (PM_{10}) na cidade da Coruña-, incúmprense en practicamente todas as principais cidades valores recomendados pola Organización Mundial da Saúde (OMS), máis esixentes que os legais en vigor. Para PM_{10} houbo incumprimentos na Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense e Vigo. Para $PM_{2,5}$ (partículas inferiores a 2,5 micras) na cidade de Vigo e na estación de San Vicente de Vigo (da rede da central térmica de Meirama, situada en Cambre). E para o dióxido de nitróxeno (NO_2) na Coruña.

Asemade, superouse o obxectivo a longo prazo para a protección da saúde humana, a cumprir no ano 2020, nas estacións urbanas de Ferrol, Santiago e Lugo e nas de Louseiras e Mourence (dependentes da central térmica das Pontes).

O tráfico de automóbiles é a principal causa de deterioración da calidade do aire nas cidades galegas. Cómpre reducirmos drasticamente o tráfico nas cidades, restrinxindo moito máis o uso do coche e potenciando todo o posible os desprazamentos a pé e en bicicleta e mais o transporte colectivo, con novas políticas territoriais e de transporte que deixen de fomentar o uso do vehículo privado.

A información á cidadanía segue sendo insuficiente

As comunidades autónomas teñen a obriga legal de informaren á cidadanía sobre a calidade do aire. Porén, a Xunta de Galicia, a pesar dalgúns avances recentes, resultado da nosa presión, continúa a incumprir, en grande medida, as disposicións sobre información ao público establecidas na lexislación sobre calidade do aire, concretamente, o artigo 11 do RD 1073/2002 e o artigo 6 do RD 1796/2003. Isto levounos a presentar no ano pasado unha queixa perante o Valedor do Pobo por incumprimento da devandita lexislación.

A Secretaría Xeral (antiga Dirección Xeral) de Calidade e Avaliación Ambiental segue sen facilitar, a través da web sobre a calidade do aire¹ e para todas as estacións de medición, información pública sobre as concentracións de dióxido de xofre, dióxido de nitróxeno e partículas cada día, e tamén cada hora polo que atinxe aos valores horarios de dióxido de xofre e de dióxido de nitróxeno. Ou segue sen fornecer, para todas as estacións, información ao público sobre as concentracións de ozono, información que debería ser actualizada polo menos unha vez ao día, e sempre que for apropiado e viable, unha vez cada hora. Recentemente, pasou a suministrar a devandita información, con periodicidade horaria, só para a maioría das estacións urbanas dependentes da Xunta, a través da web e, nalgúns casos (A Coruña e Vigo) tamén mediante paneis de información situados a carón das estacións. Para as estacións localizadas en contornos industriais non se facilita ningunha información con carácter diario e, para moitas delas, nin tan sequera con carácter anual.

Propuesta de presentación de la Información sobre los datos de calidad del aire



Como xa fixemos co goberno anterior, demandamos do novo, a través da Consellaría de Territorio, Medio Ambiente e Infraestruturas, a aplicación da “Proposta de presentación da información sobre os datos da calidade do aire”² elaborada por Ecologistas en Acción. Nesta proposta demándase o acceso, a través da web, a información comprensible, tanto actual como histórica, para cada un dos parámetros considerados na lexislación e para todas as estacións de medición da calidade do

¹ <http://aire.medioambiente.xunta.es>

² http://www.ecologistasenaccion.org/IMG/pdf/Present_datos.pdf

aire, garantindo, en particular, información adecuada e rápida sobre as superacións dos umbrais de alerta á poboación fixados pola lexislación para o SO₂, o NO₂ e o O₃. Alén diso, a proposta suxire medidas para divulgar a información tamén a través de vías diferentes a Internet, como medios de comunicación públicos e privados, paneis informativos nos centros das cidades e nas industrias e o seu contorno, ou mensaxes aos teléfonos móbiles ou por correo para as persoas interesadas.

Ademais da información sobre as concentracións de contaminantes na atmosfera (inmisión), hai que considerar os datos sobre as emisións de contaminantes das diversas fontes. Neste senso, é preciso salientarmos que **a Xunta non ofrece información sobre o volume de emisións á atmosfera de contaminantes procedentes do tráfico rodado, do sector residencial e servizos e dos portos e aeroportos. E é que, segundo reconece a propia Xunta, aínda non procedeu á súa cuantificación como parte do Inventario Galego de Emisións.** Por outra banda, os datos sobre as emisións industriais divulgados en 2009 no informe anual da Xunta sobre calidade do aire non están actualizados, pois corresponden ao período 2004-2007, xa divulgados no ano pasado.

A Rede Galega de Calidade do Aire non permite coñecer ben o estado da calidade do aire en Galicia

A Rede Galega de Calidade do Aire (R.G.C.A.) está formada por estacións urbanas e industriais. As de carácter urbano son nove: as das cidades da Coruña, Ferrol, Santiago (2), Ourense, Lugo, Pontevedra e Vigo (2). 66 localízanse no contorno de 17 instalacións industriais. As estacións urbanas da R.G.C.A. son responsabilidade directa da Xunta, mentres que as industriais están adscritas ás respectivas industrias. Ademais das estacións da R.G.C.A., hai outras estacións fixas dependentes de concellos (A Coruña e Ourense), autoridades portuarias (A Coruña e Vigo) e Universidade da Coruña.

Canto á composición e ao funcionamento da R.G.C.A en 2008 cómpre salientarmos os seguintes feitos:

-No segundo semestre de 2008 **entraron en funcionamento catro novas estacións urbanas**, en Santiago, Vigo, Lugo (en substitución da anterior) e A Coruña. No ano pasado tamén se puxeron en funcionamento **catro novas estacións industriais**, 3 no contorno do complexo de ENDESA nas Pontes e unha no contorno de REPSOL.

- **A Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas só divulgou datos para 21 do total de 66 estacións industriais existentes.** É dicir, para case o 70% das estacións industriais a Xunta non facilitou información nin tan sequera para un só dos principais contaminantes atmosféricos, o que fai pensar que esas estacións non funcionan ou o fan de forma deficiente, ou que simplemente se quere ocultar a información sobre os valores obtidos nelas.

Sobre a calidade do aire no contorno dalgunhas industrias non se difundiu, por segundo ano consecutivo, ningún dato. Referímonos a **CEMENTOS COSMOS**, á central térmica de Sabón (**UNIÓN FENOSA**), a **FERROATLÁNTICA-Dumbría**, a **FERROATLÁNTICA-Sabón**, a **FINSA** (Santiago), a **MATERIALES DEL ATLÁNTICO** (Narón) e mais a **SOGAMA** (empresa participada maioritariamente pola propia Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas).

Dúas das estacións para as que non se divulgaron datos correspondentes a 2008 (nin tampouco a 2006 e a 2007) sitúanse no contorno de CEDIE (Valdeorras): Finca Miguel e Galiñas. En ambas as dúas incumpríuse en 2005 o valor límite diario legal de PM₁₀ para a protección da saúde humana.

-O número de estacións con datos para os contaminantes principais diminuíu drasticamente desde 2006, agás para o ozono.

Número de estacións con datos divulgados para SO₂, NO₂, PM₁₀ e O₃

	2006	2007	2008
SO₂	50	23	26
NO₂	40	19	24
PM₁₀	45	23	26
O₃	13	14	16

Fonte: Xunta de Galicia

- Tres das zonas en que se divide o territorio galego a efectos da avaliación da calidade do aire non posúen aínda ningunha estación fixa de medición da contaminación atmosférica: Terra Chá, A Limia-Miño e sur das Rías Baixas.

Estado da calidade do aire en 2008 en Galicia

O presente informe, elaborado conxuntamente por Ecologistas en Acción e por Verdegaiia, pretende debuxar unha imaxe da situación da calidade do aire en Galicia durante o ano 2008. Dá continuidade aos informes que presentamos para 2006 e 2007 e baséase nos datos oficiais divulgados pola Xunta de Galicia³.

O informe céntrase nos principais contaminantes atmosféricos: partículas inferiores a 10 micras (PM₁₀) e a 2,5 micras (PM_{2,5}), dióxido de nitróxeno (NO₂), dióxido de xofre (SO₂) e ozono troposférico (O₃). A continuación, preséntase a situación para cada un destes contaminantes.

-Partículas en suspensión inferiores a 10 micras (PM₁₀)


As partículas en suspensión son o contaminante atmosférico máis preocupante desde o punto de vista da saúde humana, a pesar de cal os valores de PM₁₀ só se comezaron a medir no conxunto das principais cidades galegas, e con importantes insuficiencias, a partir de 2007. No ano pasado obtivéronse mais datos que en 2007, pero seis das nove estacións ubicadas en núcleos urbanos non atinxiron o 75% de datos válidos.

Rexistrouse unha superación do valor límite legal diario para PM₁₀ nunha estación situada na cidade da Coruña. Non se detectaron máis incumprimentos legais, mais chama a atención que, como xa fixo para 2007, a Xunta non facilítase

³ Calidade do aire en Galicia. Informe Calidade do Aire 2008 (<http://aire.medioambiente.xunta.es/docs/Informe2008.pdf>)

datos para este contaminante referidos ás estacións nas que se superaron en 2006 o valor límite diario e/ou o valor límite anual para a protección da saúde humana, estacións localizadas nos contornos das industrias ALCOA-San Cibrao, ENCE (Pontevedra) e FINSA (Santiago).

Malia que só houbo unha superación dos valores límite legais, a contaminación por PM₁₀ nas principais cidades galegas é preocupante, especialmente nas zonas con tráfico máis intenso. Así, en practicamente todas as cidades volveuse superar o valor límite para a concentración media anual de PM₁₀ recomendado pola Organización Mundial da Saúde (OMS) (20 ug/m³)⁴, e que estaría en vigor na UE en 2010 de non mediar a recente modificación da lexislación europea sobre calidade do aire, a cal representou un recúo en materia de protección do ambiente e da saúde humana. Asemade, superouse o valor límite para concentración media diaria recomendada pola OMS en Ourense e en Vigo (na estación Vigo-Coia).



-Partículas en suspensión inferiores a 2,5 micras (PM_{2,5})

As PM_{2,5}, partículas “respirables” que poden penetrar até as zonas de intercambio de gases dos pulmóns, **só se miden en tres estacións. En dúas delas superouse o valor medio anual recomendado pola OMS (10ug/m³)**, concretamente en “Este-estación 1”, da rede de Citröen, en Vigo (14ug/m³) e na estación San Vicente de Vigo, pertencente á rede da central térmica de Meirama e situada en Cambre (14ug/m³).


-Dióxido de nitróxeno (NO₂)

Despois de trasladar a estación de medición da contaminación situada no Ensanche compostelá, non se volveu incumprir ningún valor límite legal para este contaminante en Galicia. Como en 2007, estivo a piques de se rexistrar unha

⁴ Só non foi superado en Santiago, onde a Xunta trasladou para o Campus Sur da Universidade a estación situada anteriormente na Praza de Vigo -nunha zona con intenso tráfico- e mais en Pontevedra, na que a porcentaxe de datos válidos foi moi baixa (22, 13%).

superación do valor límite anual para a protección da saúde humana na estación da cidade da Coruña⁵.

En Coruña superouse o valor límite anual que estará en vigor en 2010 (40 ug/m³).
En Ourense non se superou, mais quedou bastante próximo.



-Dióxido de xofre (SO₂)

En 2008 non se incumpriron os valores límite diario e horario para este contaminante establecidos na lexislación en ningunha das estacións da R.G.C.A. Porén, só se ofrecen datos para 26 estacións, cando en 2006 se ofreceron datos para 50. Unha das estacións para a que non hai resultados é a da Barxa, no contorno de ALCOA-San Cibrao, a única na que en 2006 se superou o valor límite diario para a protección da saúde humana.

-Ozono (O₃)

Segundo a Xunta, non houbo superación dos umbrais de información e de alerta para este contaminante.

Superouse o obxectivo a longo prazo para a protección da saúde humana, a cumprir no ano 2020, nas estacións urbanas de Ferrol, Santiago e Lugo e nas de Louseiras e Mourence (dependentes da central térmica das Pontes).

Valoración xeral

Tendo en conta insuficiencias e deficiencias na medición da calidade do aire en Galicia en 2008 apuntadas neste informe, non parece razoable concluír, a partir do feito de se ter rexistrado un só incumprimento da lexislación sobre calidade do aire, que en Galicia non haxa problemas importantes de contaminación atmosférica que afectan negativamente a saúde das persoas. **A Xunta**

⁵ En 2007, o valor límite legal para a concentración media anual de NO₂ era de 46 ug/m³ e o valor medido foi de 45,96. En 2008 o valor límite legal reduciuse a 44 ug/m³ e o valor obtido foi 43,59.

de Galicia continúa máis interesada en ocultar os problemas de contaminación atmosférica que en actuar para os resolver.

En particular, a calidade do aire nas cidades galegas non é boa. **Os habitantes das cidades galegas respiran aire contaminado con consecuencias negativas para a súa saúde, cando menos os que viven nas zonas con maior tráfico.** Na práctica totalidade das nosas cidades supérase o valor límite anual para PM₁₀ recomendado pola Organización Mundial da Saúde e, no caso da Coruña, tamén para o NO₂. En dúas das tres estacións nas que se miden as PM_{2,5} superouse o valor medio anual recomendado pola OMS, unha delas situada en Vigo.

O tráfico de automóbiles é a principal causa de deterioración da calidade do aire nas cidades galegas. A contaminación atmosférica é un aspecto negativo máis asociado ao exceso de tráfico. Sumado a outros tamén importantes (contaminación acústica, ocupación do espazo público, perigo de accidentes,...) fan do tráfico unha causa importantísima de deterioración da calidade de vida no ámbito urbano, por non falarmos da súa achega á mudanza climática global. Boa parte das emisións de gases de efecto invernadoiro debidas ao transporte por estrada en Galicia é causada polo tráfico urbano.

Que facer para mellorar a calidade do aire?

A mellora da calidade do aire require da acción dos poderes públicos, que deben considerar a contaminación atmosférica como un importante problema ambiental que conleva serios prexuízos para a saúde humana. Para iso, propomos as seguintes medidas, que deberían ser aplicadas, segundo os casos, pola Xunta e/ou polos Concellos:

-Garantir o dereito da cidadanía a unha información adecuada sobre a calidade do aire, cumprindo todas as disposicións sobre información pública recollidas na lexislación. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas debería asumir a “Proposta de presentación da información sobre os datos da calidade do aire”⁶.

-Ampliar a Rede Galega de Calidade do Aire e mellorar sustancialmente o seu funcionamento de forma que se poida obter un bo diagnóstico da realidade da calidade do aire. No que atinxe en particular aos contornos urbanos, cómpre dispor tanto de estacións representativas da calidade do aire no conxunto da cidade (estacións de fondo urbano) como daquelas áreas con maiores niveis de contaminación (estacións de tráfico), capaces de medir adecuadamente os principais contaminantes, incluído monóxido de carbono, benceno e PM_{2,5} (partículas con tamaño inferior a 2,5 micras).

-Aplicar Planos de Acción para a mellora da calidade do aire en todos aqueles casos en que a lexislación o esixe, é dicir, cando haxa superacións dos valores límite legais, ou sempre que for conveniente para a protección do ambiente e da saúde pública.

A Xunta refírese constantemente a unha Estratexia Galega de Mellora e Control da Calidade do Aire cuxo texto non foi difundido publicamente.

⁶ http://www.ecologistasenaccion.org/IMG/pdf/Present_datos.pdf

A mellora da calidade do aire non debe ser só unha preocupación da Xunta, senón tamén dos Concellos. Así, a Lei estatal 34/2007, de 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, establece que “os municipios con poboación superior a 100.000 habitantes e as aglomeracións, nos prazos regulamentariamente establecidos, adoptarán planos e programas para o cumprimento e mellora dos obxectivos de calidade do aire”.

-Desenvolver Planos de Mobilidade Sustentable nas cidades e as súas áreas de influencia, que reorienten as prioridades de investimento público, hoxe favorecedoras do uso do automóbil privado. Cómpre reducir o número de vehículos en circulación a través dunha dobre estratexia: disuadir do uso do automóbil e simultaneamente dar facilidades para os medios sustentables (marcha a pé, bicicleta, transporte colectivo).

-Non construír novas infraestruturas de transporte por estrada en zonas urbanas (accesos, circunvalacións, pontes, túneis,...) que favorezan aínda máis o uso do coche.

-Frear a urbanización dispersa para evitar maiores aumentos das necesidades de transporte. É preciso deter a espiral urbanización-estrada-urbanización cuxo epicentro é o vehículo privado.

-Apostar decididamente polo transporte colectivo, aplicando medidas de comprobada eficacia como son a implantación de carrís-bus, rúas de uso exclusivo, aumento de frecuencias e ampliación de horarios, servizos nocturnos locais e comarcais, implantación de billete único/combinado e a substitución paulatina da frota de autobuses por modelos dotados de plataformas axeitadas para as persoas con discapacidades, carriños de bebés e a posibilidade de transportar bicicletas, que usen enerxías alternativas e sexan pouco contaminantes.

-Aplicar medidas disuasorias do emprego do automóbil privado, delimitando áreas pechadas ao coche; establecendo unha limitación efectiva da velocidade que permita a convivencia de tráfico; creando “áreas 30”; restrinxindo o estacionamento e aplicando unha moratoria na construción de novos parques de estacionamento nos centros urbanos e estudando a posibilidade de instauración de peaxes urbanas, cuxos ingresos se destinarían ao fomento do transporte sustentable.

-Impulsar Planos Directores da Bicicleta que definan prazos e orzamentos para crear unha rede eficaz de itinerarios ciclistas cunha sinalización axeitada e infraestruturas de estacionamento seguras en todos os edificios públicos, aparcadoiros e centros de interese das cidades.

-Implantar planos de transporte en todas as empresas de máis de 200 traballadores/as e nos principais polígonos industriais das cidades e as súas áreas de influencia, destinados a fomentar entre os traballadores e traballadoras os modos de transporte menos contaminantes.

- Substituír o carbón como fonte de electricidade, reducir o consumo de enerxía e promover intensamente as enerxías renovables, da forma máis descentralizada posible e con respecto polo territorio.

Xuño de 2009

verdegaia

www.verdegaia.org

ECOLOGISTAS
en acción

www.ecologistasenaccion.org